Madrid - 6 de Abril 1922

O' Irmán Lois Ares

Meu bon amigo: Recibín d'Ourense unha carta que che envio pra que te enteres é fagades (isa Irmandade) ó que n-ela dí.

Fai unhos dias á carón d-un communicado oficial enviaron tamén d'Ourense unha notiña preguntando que se sabía eiquí da Irmandade de Betanzos. Que foi citada â Asambreia derradeira e non respondeu nin apareceu. Que se lle enviaron os acordos é fixo o mesmo. En fin; que non da razón de sí.

A min iso extrañoume moito porque ti tiñasme dito cando estiveche eiquí non sei qué d'unhos telegramas de adhesión â IV Asambreia. Pro mais ainda me extraña que teñades por enviar á adhesión que vos pediron

cando é unha cousa de tanta importancia;
pois d'ela depende o que apareza federada
á Irmandade d'unha das vilas mais gran-
des de Galiza.

E supoño que despois d'isto non
tardaredes nin siquera un instante en
escribir unha carta (que pra eso non
che faltará tempo) dando conta da vosa
conducta e adherindovos ô Nazonalismo
que nos ha de faguer xermolar.

E non che digo mais. Por eiquí
cada día maior entusiasmo. O trunfo
é seguro.

¡Terra á nosa!

Abrazate teu amigo e
Irmán na Causa
Xoquín Peto